

Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria levada a cabo o 26 de abril de 2022, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Ponteareas.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 92, do 13 de maio de 2022, publicouse o anuncio da aprobación inicial, sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia, por prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, enténdese aprobada definitivamente a modificación da ordenanza.

Segundo o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, publícase o texto íntegro da modificación, coa seguinte redacción:

O punto B do Anexo II queda redactado do seguinte xeito:

Percepción Mínima: Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ao percorrer 1.400 metros ou transcourir o tempo equivalente (cinco minutos) tras o comezo do servizo, o que antes suceda.

A contía mínima inclúe un recorrido de 1.400 metros, ou o tempo que resulte equivalente. A motivación se basea en que a maioría dos servizos son de ámbito urbano, de escaso recorrido e, unha vez terminado un servizo deste tipo, o profesional regresa á parada na que ocupará o lugar na cola que lle corresponda, debendo esperar unha media de 3 ou 4 horas para poder saír, polo escaso volume de traballo e a saturación dos situados de parada deste servizo.

Por elo é necesario garantir unha percepción mínima, que asegure que non exista perda económica para o profesional que presta o servizo, en base ao art 40.1 da Lei 4/2013 de 30 de Maio.



Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

O cadro de tarifas queda redactado do seguinte xeito:

IMPORTE DA TARIFA SEN IVE E INCREMENTOS			
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIÚRNA	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima <i>(Inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)</i>	3,18	0,32	3,50
Km. Recorrido	0,91	0,09	1,00
Hora De Espera	14,73	1,47	16,20
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA / FESTIVOS	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima <i>(Inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)</i>	3,78	0,38	4,16
Km. Recorrido	1,09	0,11	1,20
Hora De Espera	17,67	1,77	19,44
SUPLEMENTOS	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Vultos ou Maletas <i>(Excepto cadeiras de discapacitados e cadeiras de nenos)</i>	0,55	0,05	0,60
Traslado de mascotas <i>(Excepto cans Lazarilo)</i>	0,91	0,09	1,00
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	1,82	0,18	2,00
25 Decembro e 1 de Xaneiro, <i>(dende Las 00:00 h ata as 10:00)</i>	1,82	0,18	2,00



Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

TARIFA CO 10% DE IVE INCLUIDO

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA	IMPORTE (euros)
Percepción Mínima (inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)	3,50
km. recorrido	1,00
Hora de espera	16,20€
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA	IMPORTE
Percepción Mínima (inclúe recorrido de 1.400 metros ou tempo equivalente)	4,16
km. recorrido	1,20
Hora de espera	19,44
SUPLEMENTOS	IMPORTE
Vultos ou maletas (excepto cadeiras de persoas con mobilidade reducida e cadeiras de nenos)	0,60
Traslado de mascotas (excepto cans lazarillo)	1,00
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	2,00
25 Decembro e 1 de Xaneiro, (dende as 00:00 h ata as 10:00)	2,00

O suplemento por vulto ou maleta se refire á 2ª unidade, pois de acordo co disposto no artigo 24.1 do decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, os usuarios terán dereito a portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un vulto de equipaxe ou pertencencia por persoa usuaria.

A entrada en vigor da modificación producirase no prazo de 15 días hábiles, contados dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP.



Mércores, 14 de setembro de 2022

Núm. 176

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

O secretario municipal — Carlos López Quintáns

De conformidade co artigo 3.2 j) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional

(Documento asinado electronicamente)

